

## COMUNICADO DE PRENSA

# **O Colexio de Biólogos de Galicia defende as medidas de navegación de embarcacións recreativas que se van implantar no Parque Nacional das Illas Atlánticas**

## **Tamén apoia as normas sobre actividades subacuáticas e a prohibición da pesca recreativa neste espazo natural**

---

*Santiago de Compostela, 5 de abril de 2006 (Vía Láctea Comunicación).*- En datas recentes, un conxunto de empresas e de intereses económicos, xunto coa *Federación Gallega de Pesca Marítima y Náutica de Recreo*, teñen cuestionado as medidas de regulamentación dos fondeos e da navegación de embarcacións recreativas que pretende implantar a Administración do Parque Nacional das Illas Atlánticas. Ademais, algunhas tamén cuestionan a prohibición da pesca recreativa e as regulamentacións xa en curso sobre actividades subacuáticas.

É importante subliñar que esta regulamentación non trata de prohibir a navegación nin os fondeos, senón regulalos de maneira que sexan compatibles coa conservación do Parque Nacional, facendo cumprir a lei pola que o parque se declara de Interese Xeral da Nación. A proposta de regulamentación que se cuestiona só se refire á necesidade de **solicitar autorización gratuíta para a navegación recreativa e para fondear as embarcacións en lugares axeitados dende o punto de vista técnico.**

Ante esta situación, o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-** quere manifestar o seguinte:

-A propia lei de creación do Parque Nacional, aprobada no Congreso dos Deputados por unanimidade, xa inclúe a necesidade de autorización expresa para o amarre e atraque de embarcacións, polo que a actual proposta de regulamentación entra dentro das obrigas dos responsables públicos para facer cumprir a lexislación vixente.

-Esta regulamentación está guiada polo aumento da calidade ambiental do espazo, o cal redonda na mellora da oferta turística e recreativa das Rías Baixas, xerando maior calidade e riqueza. A masificación que en certas datas xa sofre o Parque Nacional, e a saturación á que se encamiña se non existe regulamentación estrita, implica unha perda irreparable de calidade ambiental e turística.

-Os empresarios que se manifestan en contra de dita regulamentación manifestan un profundo descoñecemento desta normativa, descoñecen o funcionamento dos ecosistemas naturais ou ben pretenden seguir realizando as súas actividades sen ningún tipo de normas que validen a súa condición de sostibilidade.

Nesta liña, cómpre lembrar que tanto o transporte público como o cámping ou o mergullo recreativo na zona xa precisaron de regulamentacións semellantes sen que tivesen ocasionado problemas nin prexuízos. Ademais, estas regulamentacións son práctica habitual na xestión sostible dos espazos protexidos de todo o mundo, cuxos gobernos están comprometidos a través de Convenios Internacionais para aplicar a sostibilidade ao conxunto das actividades humanas.

-Todas as medidas que se apliquen deben ir encamiñadas a compatibilizar o uso público co obxectivo primordial do Parque Nacional, que por Lei é o da conservación dos seus valores naturais.

### **O Colexio de Biólogos solicita responsabilidade á Confederación de Empresarios de Pontevedra**

En consecuencia, o COBGA solicita responsabilidade social e sentido común á Confederación de Empresarios de Pontevedra, tanto nas súas manifestacións públicas como na súa postura contraria á actual proposta de regulamentación; así como a todas as empresas, entidades e persoas individuais para que se impliquen na conservación dun espazo que é patrimonio de todos os cidadáns.

O Colexio de Biólogos de Galicia manifesta publicamente “o noso total apoio á xestión do Parque Nacional e á súa Directiva, da que nos consta a súa máis que recoñecida capacidade”.

Para máis información poden contactar con **Vía Láctea Comunicación**, oficina de prensa do **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-**, no **981 55 44 07**